

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

RESOLUCIÓN do 11 de outubro de 2011, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se acorda facer pública a relación de candidatos que obtiveron bolsa ao abeiro da Resolución do 24 de xuño de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de bolsas destinadas aos cidadáns galegos residentes no exterior para a realización de estudos universitarios oficiais, intercambios universitarios e estudos de formación profesional durante o curso 2011-2012, así como a relación das solicitudes non admitidas e renuncias.

A Resolución da Secretaría Xeral da Emigración do 24 de xuño de 2011, publicada no DOG número 129, do 6 de xullo, establece e regula os programas de bolsas destinadas aos cidadáns galegos residentes no exterior para a realización de estudos universitarios e de formación profesional durante o curso académico 2011-2012.

Vista a proposta de resolución definitiva efectuada polo órgano instructor, á vista dos respectivos informes das comisións seleccionadoras, esta secretaría xeral, en aplicación da disposición adicional segunda do Decreto 325/2009, do 18 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Xunta de Galicia, polo que se desconcentra no secretario xeral da Emigración a competencia para a resolución das axudas do seu respectivo ámbito de competencia

RESOLVE:

Conceder unha bolsa segundo a proposta do órgano instructor ás persoas relacionadas no anexo I, polos importes que en cada caso se sinalan, con cargo á aplicación orzamentaria 04.50.312C.480.0.-Accións políticas migratorias, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011-2012, para a realización de estudos de formación profesional e universitarios nalgunha das tres universidades que conforman o Sistema Universitario de Galicia durante o curso académico 2011-2012.

Denegar as bolsas ás persoas relacionadas no anexo II polo motivo que se indica.

Publicadas as resolucións, os interesados propostos como beneficiarios disporán dun prazo de 10 días para a súa aceptación. Tanscorrido ese prazo sen que se produza manifestación expresa, a axuda entenderase tacitamente aceptada.

Os/As beneficiarios/as relacionados/as no anexo I deberán remitir á Secretaría Xeral da Emigración no prazo de 30 días, contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución de concesión das bolsas no portal da Secretaría Xeral da Emigración (www.galiciaaberta.com), a seguinte documentación:

a) Xustificante orixinal ou debidamente cotexado que acredite a realización da matrícula dos estudos que se vaian realizar. No documento deberá figurar o selo da entidade bancaria xustificativo do pagamento realizado.

b) No caso de concesión de axuda de viaxe, deberase achegar a factura correspondente ou documentación xustificativa que acredite a realización da viaxe e o pagamento desta.

c) Certificación orixinal do número de conta bancaria da cal o/a solicitante da bolsa sexa titular. No número de conta constará o código conta cliente, comprensivo dos códigos que identifican o banco, a oficina, o díxito de control e o número da conta en que se aboará o importe da bolsa. En todo caso, o domicilio social da sucursal da entidade bancaria deberá estar radicado na Comunidade Autónoma de Galicia.

d) Enderezo para efectos de notificacións e teléfono de contacto en Galicia.

e) Declaración responsable de non ter débedas pendentes coa Administración tributaria estatal e autonómica, así como coa Seguridade Social.

Transcorrido este prazo sen que se achegue a citada documentación, considerarase que o/a interesado/a renuncia á bolsa concedida.

Unha vez presentada a documentación xustificativa, a Secretaría Xeral da Emigración procederá ao aboamento do 70% do importe da bolsa concedida mediante transferencia bancaria. O último pagamento, correspondente ao 30% restante, farase efectivo de xeito similar despois de que o/a bolseiro/a presente na Secretaría Xeral da Emigración, antes do 30 de setembro de 2012, a seguinte documentación:

Para os programas 1, 2 e 3, certificación académica dos estudos realizados durante o desfrute da bolsa ou informe do titor, director ou coordinador do intercambio en relación co cumprimento das súas obrigas como bolseiro/a durante os meses da duración da bolsa.

No caso do programa 4, os/as beneficiarios/as das bolsas deberán achegar unha certificación que acredite que seguiron a avaliación continua, cando menos, no 70% dos mó-

dulos do ciclo durante o curso para o que fose convocada a axuda e ter aprobados, polo menos, o 50% dos módulos do ciclo.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o secretario xeral da Emigración no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Tamén poderá o interesado interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2011.

J. Santiago Camba Bouzas
Secretario xeral da Emigración

ANEXO I

Solicitudes admitidas: bolsas destinadas aos cidadáns galegos residentes no exterior. Programa 1 (título de grao), 2 (máster universitario), 3 (intercambio), 4 (F.P. grao superior) – Curso 2011/2012

	Apelidos	Nome	DNI/ Pasaporte	País orixe	Ciclo	Universidade/ centro estudo	Tipo de bolsa	Importe bolsa	Importe axuda de viaxe	Importe Total
1	Baldomir Gutiérrez	Ana Patricia	49333706-V	Reino Unido	Máster	Santiago de Compostela	Prórroga	6.000 €	0 €	6.000 €
2	Beiro Silva	Fernando	49402807-A	Brasil	Máster	Santiago de Compostela	Nova concesión	6.000 €	1.000 €	7.000 €
3	Brea Gonsalves	Diego	71735504-E	Brasil	Máster	Santiago de Compostela	Nova concesión	6.000 €	1.000 €	7.000 €
4	Castro Rivas	Marisa	47437106-C	Estados Unidos	Título de grao	A Coruña	Prórroga	6.000 €	0 €	6.000 €
5	Cid González	Evelyn	Y0334590-T	Cuba	Máster	Santiago de Compostela	Prórroga	6.000 €	0 €	6.000 €
6	Cribeiro Navarro	Camila	47384359-N	Cuba	F.P.	A Coruña	Nova concesión	5.000 €	1.000 €	6.000 €
7	Curcio González	Silvana María	XDA403403	Arxentina	Máster	Santiago de Compostela	Nova concesión	6.000 €	1.000 €	7.000 €
8	Diego Godoy	Santiago	32267038-N	Arxentina	Máster	Vigo	Nova concesión	6.000 €	1.000 €	7.000 €
9	Domínguez Philocreon	Ticiano Augusto	45909146-L	Brasil	Máster	Santiago de Compostela	Prórroga	6.000 €	0 €	6.000 €
10	Greco Iglesias	Diamela Mónica	46290322-Q	Arxentina	Título de grao	A Coruña	Prórroga	6.000 €	0 €	6.000 €
11	Moldes Expedito	Vivian	77546824-R	Brasil	Máster	Vigo	Prórroga	6.000 €	0 €	6.000 €
12	Pérez Figueroa	María	XD473378	Venezuela	Máster	Santiago de Compostela	Nova concesión	6.000 €	1.000 €	7.000 €

	Apelidos	Nome	DNI/ Pasaporte	País orixe	Ciclo	Universidade/ centro estudo	Tipo de bolsa	Importe bolsa	Importe axuda de viaxe	Importe Total
13	Reyna Muniain	Facundo	27726751-N	Arxentina	Título de grao	Vigo	Prórroga	6.000 €	0 €	6.000 €
14	Rodríguez Rubio	Josué Javier	35582256-Z	República Dominicana	Título de grao	A Coruña	Nova concesión	6.000 €	1.000 €	7.000 €
15	Sanmartín Boullosa	Bárbara	71682149-G	Brasil	Título de grao	Santiago de Compostela	Prórroga	6.000 €	0 €	6.000 €
16	Serra Carpintero	Rodrigo Enrique	XD450122	Arxentina	Intercambio	Santiago de Compostela	Nova concesión	4.000 €	1.000 €	5.000 €
17	Torres Sánchez	Luis Antonio	49332004-V	Venezuela	Título de grao	A Coruña	Prórroga	6.000 €	0 €	6.000 €
18	Vidal Rainho	Caroline	49333722-X XD046016	Brasil	Título de grao	A Coruña	Nova concesión	6.000 €	1.000 €	7.000 €

ANEXO II

Solicitudes non admitidas/desestimadas. Bolsas destinadas aos cidadáns galegos residentes no exterior. Programas 1 (título de grao), 2 (máster), 3 (intercambio), 4 (F.P. grao superior) – Curso 2011/2012

	Apelidos	Nome	DNI/ Pasaporte	País orixe	Ciclo	Universidade/ centro	Tipo de bolsa	Resolución	Motivo de denegación
1	Agrafojo Mayo	Sihomara	54485375-W	Estados Unidos	F.P.	CFP Tomás Barros (A Coruña)	Nova Concesión	Desestimada	Non presentada documentación xustificativa que acredite a súa condición de galega (art. 3.b). Non acredita a residencia no estranxeiro da solicitante da bolsa (art. 3.c)
2	Ávila Abal	Santiago Martín	XDA313136	Brasil	Máster	Santiago de Compostela	Nova concesión	Desestimada	Non presenta documentación de estar admitido no máster (art. 10.2)
3	Caprarello Rodríguez	Javier Francisco	XDA100000	Arxentina	Máster	Vigo	Nova concesión	Denegada	Solicitud presentada fóra de prazo
4	Figuerola Mera	Noemí	44655761-L	Suíza	Máster	Santiago de Compostela	Nova concesión	Denegada	Acreditación da súa residencia no estranxeiro non válida (art. 3.c)
5	Gamallo López	Vanesa	77481707-C	Francia	Título de grao	Vigo	Prórroga	Denegada	Non acredita que superou o 75% dos créditos (art. 6.2)
6	García González	María	76623730-N	Reino Unido	Título de grao	Santiago de Compostela	Nova concesión	Denegada	Solicitud presentada fóra de prazo (art. 6.1).
7	Gil Martínez	María Adelaida	78735511-W	Rusia	Máster	Santiago de Compostela	Nova concesión	Denegada	Non obtivo o título nos últimos cinco anos anteriores ao da convocatoria (art. 9.2)
8	Ínsua Díaz	Mathias Nicolás	XDA030375	Uruguai	Título de grao	Vigo	Nova concesión	Desestimada	Non presenta documentación de estar admitido nos estudos (art. 6.2)
9	Manzo Cruces	Javier Gonzalo	XD301439	Uruguai	Intercambio	Santiago de Compostela	Nova concesión	Desestimada	Non acredita a residencia no estranxeiro (art. 3.c). Non presenta documentación de estar admitido nos estudos nin a súa duración (arts. 13.2 e 14.2)
10	Mariño Garrido	Rodrigo	XD467307	Brasil	Intercambio	Vigo	Nova concesión	Desestimada	Non presenta documentación de estar admitido nos estudos (arts. 13.2 e 14.2)
11	Pérez Miras	Katiuska Carolina	XD360644	Venezuela	Máster	Santiago de Compostela	Nova concesión	Denegada	Solicitud presentada fóra de prazo
12	Quintero Albarrán	Mary Rosa	32736335-K	Venezuela	Máster	A Coruña	Nova concesión	Denegada	Non obtivo o título nos últimos cinco anos anteriores ao da convocatoria (art. 9.2)
13	Rivas Frana	Tiago	AAC986614	Brasil	Máster	Santiago de Compostela	Nova concesión	Denegada	Non obtivo o título nos últimos cinco anos anteriores ao da convocatoria (art. 9.2)
14	Vázquez Rivarola	Horacio Guillermo	XDA396464	Arxentina	Máster	Vigo	Nova concesión	Denegada	Non obtivo o título nos últimos cinco anos anteriores ao da convocatoria (art. 9.2)